

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es


ACTA DA SESION DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 6 DE AGOSTO DE 2018

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑON D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ D^a. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as doce horas do día seis de agosto de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asisten á sesión D^a. Laura Piñeiro Montes e D. David Rodríguez Sanmartín</p>
---	---

I.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente que foi notificado recentemente ó Concello a aprobación do Plan Provincial de Medio Ambiente PMA 2016 – Plan Adicional 2ª Fase no que se recolle unha actuación neste Concello que é a renovación do alumeadado público en A Buiña e outros por un importe total que ascende á cantidade de 24.708,32 € e que ten un prazo de contratación que remata o 31 de outubro de 2018; polo cal é necesario a aprobación deste crédito para poder iniciar de seguido o correspondente expediente de licitación e contratación.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/Concelleiros/a. asistentes á sesión ratifica a urxencia da mesma.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

II.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 28 DE XUÑO DE 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistente á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de xuño de dous mil dezaoto.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS Nº 5/2018. APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA.


Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 5/2018 que recolle suplementos de crédito por importe de 24.708,32 €, así como transferencias entre partidas do orzamento de gastos. Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que por unha banda faise transferencia de crédito dende a partida 2018.929/50000 a varias partidas do orzamento de gastos para satisfacer os incrementos retributivos previstos na Lei de Presupostos Xerais do Estado 2018 que ascenden a 1,50% ademáis do 0,25% a devengar dende o mes de xullo de 2018.

Por outra banda suplementase a partida 2018.165.61900 por importe de 24.708,32 € con cargo á subvención da Deputación Provincial o 100% para o financiamento do subministro denominado "Renovación do alumeadado público en varios lugares na Buiña e outros", asimesmo faise unha transferencia de crédito por importe de 1.000,00 € dende a partida 2018.323.21200 á partida 2018.323.21200 para a eliminación dun tabique nunha aula do CEIP "Mosteiro de Caaveiro".

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy para expresar que existe un erro no expediente, xa que aparece como remanente líquido de tesourería utilizado para este expediente, así como superávit utilizado por este expediente por importe de 48.395,55 €.

Polo Secretario-Interventor dise que é un erro aritmético e que en realidade por ese concepto debe figurar a cantidade de cero euros, e que en todo caso procedérase a corrección no expediente da súa razón.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos Sres/Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 5/2018, que recolle suplementos de crédito, así como transferencias entre partidas do orzamento de gastos por importe de 24.708,32 € de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACION ANTERIOR	SUPLEMENTOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	TRANSFERENCIAS DE CREDITO	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	359.974,41 €		+4.974,11 €	364.948,52 €
II Gastos en bens corrent.	813.417,75 €		-1.000,00 € +1.000,00 €	813.417,75 €
III Gastos financeiros	0,00 €			0,00 €
IV Transferencias correntes	26.800,00 €			26.800,00 €
V Fondo de continxencias e outros imprevistos	4.974,11 €		-4.974,11 €	0,00 €
VI Investimentos reais	610.407,19 €	24.708,32 €		635.115,51 €
VII Transf. de capital	0,00 €			0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €			0,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €			0,00 €
TOTAL	1.815.573,46 €	24.708,32 €	0,00 €	1.840.281,78 €


2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas e trece minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso López